

## XornalGalicia.com + Agenda Galicia

### 24 de Febreiro, Día de Rosalía de Castro

XG Xornal de Galicia | Viernes, 17 Febrero, 2012 - 05:34

A AELG solicitou aos concellos que declaren ese día 24 de febreiro como Día de Rosalía de Castro e que o recollan nas súas programacións culturais

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) anima á cidadanía a agasallar un libro en galego e unha flor no día do nacemento de Rosalía de Castro.

Este ano fanse os 175 anos do nacemento da autora.

O 24 de febreiro está recollido oficialmente como Día de Rosalía de Castro pola Consellería de Cultura e Educación no seu Calendario do Libro e da Lectura.

A AELG solicitou aos concellos que declaren ese día 24 de febreiro como Día de Rosalía de Castro e que o recollan nas súas programacións culturais. A AELG anima a toda a cidadanía a participar desas actividades.

(A Coruña, 17 de febreiro de 2012). A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega está promovendo unha serie de actos organizados por concellos, asociación culturais e a propia AELG para celebrar o Día de Rosalía de Castro o vindeiro 24 de febreiro, no que se conmemora o 175 aniversario do nacemento da nosa autora.

A AELG busca ademais institucionalizar ese Día de Rosalía de Castro como unha xornada de celebración da nosa literatura promovendo entre a cidadanía o agasallo dun libro en galego e unha flor.

Na web está dispoñíbel material para a difusión dos distintos actos confirmados, que se actualiza diariamente:

<http://www.aelg.org/GetActivityById.do?id=239>